

INFORME TECNICO REDACTADO DE CONFORMIDADE CO ARTÍGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2016, DE 16 DE DECEMBRO POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE PREVENCIÓN E CONTROL INTEGRADOS DA CONTAMINACIÓN

IGNACIO SOTO GONZALEZ, arquitecto do Concello de Teo, por petición do Sr. alcalde en providencia de Alcaldía de data 17 de agosto de 2018 requiríndome a emisión dun informe de compatibilidade urbanística do proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos situadas en Teo, emite o seguinte informe:

O informe urbanístico de compatibilidade acredita a cualificación urbanística dunha parcela, a afectación de bens ou dereitos de titularidade municipal por parte da mesma, a compatibilidade da actividade e do establecemento onde se quere exercer co réxime de uso e edificación establecido na lexislación urbanística e no planeamento aplicable, así como a dispoñibilidade e a suficiencia dos servizos públicos esixibles á actividade.

É polo tanto un documento de estrito carácter urbanístico, se ben se emite dentro dun expediente de autorización ambiental integrada, polo que as valoracións nel contidas son emitidas en observancia da normativa urbanística de aplicación con independencia do que dispoña a normativa ambiental.

Normativa de aplicación

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.(TRLS)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (RLSG)
- Decreto 19/2011 do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio (DOT)
- Plan Xeral de Ordenación de Teo (PXOM)

ANTECEDENTES

Con data 14 de decembro de 2017, número de rexistro 10.679, don Víctor Manuel Toca Salgado achegou en nome de Toca Salgado S.L. unha solicitude de informe de compatibilidade urbanística para xuntar coa solicitude de autorización ambiental integrada do proxecto construtivo para levar a cabo a actividade dentro das categorías e epígrafes 5.4 (valorización e/ou eliminación de residuos non perigosos cunha capacidade superior a 75 tn/data) e 9.2 (instalación para a eliminación ou aproveitamento de carcasas ou desfeitos de animais cunha

capacidade de tratamento superior as 10 tn/data) da lei 16/2002 do 1 de xullo de prevención e control integrados da contaminación.

Con data 10 de xaneiro de 2018, o Concello de Teo remite escrito solicitando a presentación do proxecto construtivo citado para poder avaliar a súa compatibilidade urbanística.


Con data 26 de xaneiro de 2018, número de rexistro 713, don Víctor Manuel Toca Salgado presentou, en nome de Toca Salgado S.L., documentación consistente nun proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos situadas en Teo.

O proxecto está asinado polo enxeñeiro agrónomo don Luis Puchades Rufino, non está visado polo colexio profesional e consta dunha memoria de 175 paxinas a dobre cara e 17 follas en A4 de esquemas da instalación.

Segundo figura na memoria, a instalación proxectada trátase dunha instalación de xestión de residuos orgánicos non perigosos, a través da integración de diversas tecnoloxías, como son a dixestión anaerobia (biogás), o tratamento e concentración de dixestatos para a produción de fertilizantes.


INFORME

A solicitude de compatibilidade urbanística emítese sobre a parcela da canteira de Carballal, coordenadas UTM X: 531.724,91 Y: 4.740.033 zona e banda: 29 T, coordenadas xeográficas Latitude: 42°48'43.97" Lonxitude: 8°36'42.27", polígono 514, parcela 825 Agro Do Monte. Teo con referencia catastral 15083A514008250000KM.



O presente informe técnico está numerado e asinado en tódalas súas páxinas.

A parcela mencionada onde se pretende desenvolver a actividade proposta está clasificada polo vixente PXOM de Teo, como solo rústico, dentro da súa categoría protección ordinaria.



Conforme á disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento adaptado, dispón no seu apartado 1.d) ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo. Será, polo tanto, de aplicación neste caso o que regula a LSG e o RLSG para o solo rústico, máis concretamente os artigos 31 ao 40 da LSG e 45 ao 63 do RLG, ademais do artigo 91 da LSG, 216 do RLSG e Anexo I do RLSG.

Manterá, polo tanto, a clasificación de solo rústico na súa categoría de protección ordinaria, aínda que non será de aplicación a ordenanza que figura no PXOM senón que será de aplicación o determinado na LSG e RLSG.

Conforme ao artigo 129 do PXOM (redactado conforme ao artigo 15 da LOUG) estamos ante terreos que tendo sufrido unha degradación dos valores naturais, paisaxísticos, produtivos ou outros deban protexerse co fin de facilitar eventuais actuacións de recuperación dos ditos valores, no caso que nos ocupa a existencia dunha canteira en desuso parece indicar que o que pretende o PXOM con dita categorización é a restauración ambiental, a recuperación paisaxística da canteira, tal e como obriga a actual lexislación mineira vixente, o que hoxe se define como un pasivo ambiental.

O presente informe técnico está numerado e aliñado en todas as páxinas.

Analizaremos primeiramente cal é a actividade que se pretende desenvolver na parcela para poder avaliar se se trata dun uso autorizable no solo rústico de protección ordinaria segundo a lexislación urbanística.

Segundo a memoria do proxecto presentado trátase dun “proxecto de produción de fertilizantes orgánicos e valorización de subprodutos orgánicos (páx. 54 da memoria). A instalación, tal e como se explica na memoria, contempla cinco liñas principais de produción, as cales conducen á produción de enerxía térmica para autoconsumo (600 Nm³ por hora de biogás), e produción de abono orgánico NPK de orixe animal e vexetal. Trátase polo tanto dunha actividade produtiva, tal e como se reflicte no proxecto presentado, a cal mediante a transformación de materias primas (pax. 47 memoria), materiais auxiliares e outros produtos que se requiren intenta satisfacer as necesidades das persoas consumidoras.

Profundaremos un pouco máis na actividade prevista co obxecto de determinar o máis acertadamente posible o encadre da actividade prevista nos usos permitidos para o solo rústico. A actividade que se desenvolverá, como ben se afirma na memoria presentada, transforma materias primas mediante un proceso produtivo en produtos transformados aptos para o mercado gas e fertilizantes, e falamos de materias primas tal e como o fai o proxecto aínda que tamén poderíamos falar máis propiamente de subprodutos, e non de residuos tal e como queda reflectido no Regulamento (CE) nº. 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de outubro de 2009, onde se define “subprodutos animais” como corpos enteiros ou partes de animais, produtos de orixe animal ou outros produtos obtidos a partir de animais, que no estean destinados para o consumo humano, tamén coñecidos como SANDACH. Que deban ser considerados subprodutos e non residuos non supón que no seu tratamento, transporte e manipulación non teña que cumprir, dende un punto de vista ambiental, coas determinacións da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Tendo en conta as disposicións establecidas na lexislación sobre subprodutos animais e as disposicións establecidas na normativa de residuos, considerouse necesario aclarar o vínculo que existía entre ambas normas para evitar duplicidades innecesarias. Por iso, a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 19 de novembro de 2008, sobre os residuos, excluíu do seu ámbito de aplicación, na medida en que xa está cuberto por outra normativa comunitaria, os subprodutos animais.

Unha vez clarificado cal é o réxime do solo de aplicación da parcela sobre a que se pretende construír a instalación e cal é a actividade que se pretende desenvolver, analizaremos primeiramente os usos permitidos para o que nos remitiremos ao determinado pola LSG no seus artigos 35 ao 37, ao RLSG no seus artigos 50 ao 55, así como aos artigos 3 e 13 do TRLS.

Comezarei pola lexislación estatal, dado o seu carácter básico, o que nos permitirá encadrar e entender de mellor maneira as determinacións da lexislación autonómica.

O artigo 3.2 establece “En virtude do principio de desenvolvemento sostible, as políticas ás que se refire o apartado anterior deben propiciar o uso racional dos recursos naturais harmonizando os requirimentos da economía, o emprego, a cohesión social, a igualdade de trato e de oportunidades, a saúde e a seguridade das persoas e a protección do medio contribuindo en particular a:

- a) *A eficacia das medidas de conservación e mellora da natureza, a flora e a fauna e da protección do patrimonio cultural e da paisaxe.*
- b) *A protección, adecuada ao seu carácter, do medio rural e a preservación dos valores do chan innecesario ou idóneo para atender as necesidades de transformación urbanística.*
- c) *A prevención adecuada de riscos e perigos para a seguridade e a saúde públicas e a eliminación efectiva das perturbacións de ambas.*
- d) *A prevención e minimización, na maior medida posible, da contaminación do aire, a auga, o chan e o subsolo.*

O artigo 13 determina que no solo en situación rural as facultades do dereito de propiedade inclúen as de usar, gozar e dispoñer dos terreos de conformidade coa súa natureza, debendo dedicarse, dentro dos límites que dispoñan as leis e a ordenación territorial e urbanística, ao uso agrícola, gandeiro, forestal, cinexético ou calquera outro vinculado á utilización racional dos recursos naturais.

Con carácter excepcional e polo procedemento e coas condicións previstas na lexislación de ordenación territorial e urbanística, poderán lexitimarse actos e usos específicos que sexan de interese público ou social, que contribúan á ordenación e o desenvolvemento rurais, ou que deban de emprazarse no medio rural.

Polo tanto, debemos entender que os usos aos que ha de ser destinado o solo en situación básica rural serán os dedicados ao uso agrícola, gandeiro, forestal, cinexético ou calquera outro vinculado á utilización racional dos recursos naturais, e con carácter excepcional, usos específicos que sexan de interese público ou social, que contribúan á ordenación e o desenvolvemento rurais, ou que deban de emprazarse no medio rural, é dicir, que non exista a posibilidade de seren implementados en base ás limitacións da súa actividade noutra clase de solo.

Atendamos agora a cal son as condicións previstas na lexislación de ordenación territorial e urbanística autonómica para a implantación de determinados usos non vinculados á utilización racional dos recursos naturais.

O artigo 36 da LSG, réxime de usos, establece que os usos e actividades relacionados no artigo 35 son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos

instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

No artigo 35 da LSG, no seu apartado m) recolle que dentro dos usos e actividades permitidas no solo rústico, entre outras, se encontran as instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. O RLSG non achega nada máis ao ditado na propia lei.

Esta letra m) do artigo 35 la LSG é onde o proxecto presentado encadra a actividade proposta á hora de xustificar a posibilidade de desenvolvemento da actividade na parcela proposta. Analizando o artigo temos una primeira condición que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. A LSG nin o Regulamento definen ni aclaran que debemos entender por urbanización ou transformación urbanística, polo que acudiremos á lexislación básica estatal para aclarar tales conceptos. No seu artigo 7, actuacións de transformación urbanística e actuacións edificatorias, di:

1. A efectos desta lei, enténdese por actuacións de transformación urbanística:

a) As actuacións de urbanización, que inclúen:

1) As de nova urbanización, que supoñen o paso dun ámbito de chan en situación de chan rural á de urbanizado para crear, xunto coas correspondentes infraestruturas e dotacións públicas, unha ou máis parcelas aptas para a edificación ou uso independente e conectadas funcionalmente coa rede dos servizos esixidos pola ordenación territorial e urbanística.

2) As que teñan por obxecto reformar ou renovar a urbanización dun ámbito de chan urbanizado, nos mesmos termos establecidos no parágrafo anterior.

b) As actuacións de dotación, considerando como tales as que teñan por obxecto incrementar as dotacións públicas dun ámbito de chan urbanizado para reaxustar a súa proporción coa maior edificabilidade ou densidade ou cos novos usos asignados na ordenación urbanística a unha ou máis parcelas do ámbito e non requiran a reforma ou renovación da urbanización deste.

Trátase pois de actuacións sistemáticas, sobre ámbitos de solo urbano non consolidado, ben sexan de nova urbanización, de reforma ou actuacións de dotación, ou ben sobre ámbitos de solo urbanizable, polo que non creo que faga falta maior afondamento para ter claro que non é o caso do proxecto presentado, que se trata da implantación dunha instalación puntual, sobre unha única parcela e coas mínimas obras de urbanización necesarias para dar servizos á futura actividade. O proxecto cumpre pois coa condición, xa que non implica a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre.

Pasemos aos usos permitidos:

- Instalacións e infraestruturas hidráulicas,
- Instalacións de telecomunicacións,
- Instalacións de produción e transporte de enerxía,
- Instalacións de gas,
- Instalacións de abastecemento de auga,
- Instalacións de saneamento,
- Instalacións de xestión e tratamento de residuos.

Parece claro que na única que podería ter algunha posibilidade de encadre a instalación proxectada é no punto Instalacións de xestión e tratamento de residuos. As instalacións que se citan no apartado m) do artigo 35 teñen unha característica común e é que son servizos, son instalacións e redes de infraestruturas necesarias para o desenvolvemento da actividade humana.

Como instalacións de xestión e tratamento de residuos, para a súa correcta interpretación debemos poñelo en relación co artigo 13 do TRLS, e máis concretamente dentro dos usos de carácter excepcional que se mencionan no devandito artigo, xa que semella que non se trata dun uso vinculado á utilización racional dos recursos naturais.

Con carácter excepcional o TRLS fixa tres usos posibles:

- Que foran de interese público ou social,
- Que contribúan á ordenación e o desenvolvemento rurais,
- Que deban de emprazarse no medio rural.

Non parece factible considerar que os usos que figuran na letra m do artigo 35 sexan instalacións que contribúan á ordenación e ao desenvolvemento rurais, xa que aínda que discorren en solo rústico, conforme as determinacións das DOT, non poden “urbanizar” aqueles ámbitos polos que discorren.

Tampouco podemos considerar que son instalacións que deban inescusablemente implantarse no solo rústico, xa que por unha parte son instalacións que actualmente se están a implantar en polígonos industriais, e no caso das instalacións de xestión e tratamento de residuos entendidas dunha maneira xenérica é o propio Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022 (PRIGA) o que establece nos seus criterios de emprazamento que instalacións de xestión, preferentemente, salvo as referentes á eliminación de residuos en vertedoiro, localizáranse en polígonos industriais.

É importante salientar neste intre, aínda que por non ser una cuestión urbanística e si ambiental, este técnico non entra a valorar, o PRIGA dispón que “no caso de non ser posible pola inexistencia nun radio próximo de solo industrial buscarase un emprazamento en solo

antropizado, quedando limitada ao que se determine no procedemento de avaliación ambiental, a artificialización dos solos naturais non urbanizados.” Sen que no proxecto presentado no Concello se xustificuen en ningún momento tales circunstancias.

A maior afondamento a propia LSG, no seu artigo 39, establece como condición no seu apartado d) xustificar cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m), exime polo tanto as instalacións da letra m de dita xustificación polo que non pode tratarse de instalacións que deban de emprazarse no medio rural.

Dado que estamos nunha parcela de solo rústico, acudiremos as definicións do RLSG co gallo de encaixar nos usos do solo rústico a concreta actividade proposta.

O regulamento no seu anexo I, definicións, define os servizos urbanos como aqueles que inclúen o conxunto de redes, instalacións e espazos asociados, destinados á prestación de servizos urbanísticos, como son os de captación, almacenamento, tratamento e distribución de auga, saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, recollida, depósito e tratamento de residuos, subministración de gas, enerxía eléctrica, telecomunicacións e demais servizos esenciais ou de interese xeral.

Vemos que a definición que fai é moi semellante ás instalacións recollidas no artigo 35.m coa precisión concordante co artigo 13 do TRLS de servizos esenciais o de interese xeral.

Polo tanto, as instalacións recollidas na letra m do artigo 35 da LSG deben ser encadradas como aquelas que con carácter excepcional poidan ser implantadas en solo rústico polo procedemento e coas condicións previstas na lexislación de ordenación territorial e urbanística, que foran de interese público ou social.

Este encadre concorda perfectamente coas instalacións sinaladas e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, de produción e transporte de enerxía, de gas, de abastecemento de auga, de saneamento todas elas infraestruturas e sistemas xerais urbanísticos necesarias para o desenvolvemento urbano.

É pois este carácter de infraestrutura, de equipamentos e de infraestruturas de redes de servizos que comprende as instalacións e servizos destinados á satisfacción das necesidades colectivas da cidadanía o que ten que guiarnos á hora de entender a xestión e tratamento de residuos, o que o regulamento da Lei do solo galega define como uso dotacional e cuxo exemplo máis clarificador sería unha estación depuradora de augas residuais.

Agora ben, é preciso analizar como encaixa a actividade proposta dentro deste uso de xestión e tratamento de residuos. Como se sinalaba anteriormente, trátase, segundo a memoria do

O presente informe técnico está numerado e asinado en todas as páxinas

proxecto, dunha actividade produtiva, que transforma materias primas ou subprodutos noutros produtos listos para o mercado ou para o autoconsumo. Se acudimos ás definicións do regulamento, estaríamos ante un uso que comprende as actividades destinadas á obtención, elaboración, transformación e reparación de produtos, o que o RLSG chama uso polo miúdo produtivo dentro do uso industrial.

Que unha determinada actividade se basee na elaboración dun determinado produto partindo de materias primas provenientes da reciclaxe, da reutilización de restos de produtos manufacturados ou ben dos propios compoñentes dos produtos manufacturados unha vez acabada a súa vida útil non debe, en opinión deste técnico, levarnos a pensar que non é unha actividade industrial ou produtiva, non é a materia prima coa que traballa, a que define a actividade, senón o seu proceso.

Como viamos antes, o proxecto presentado na súa memoria intenta xustificar o uso permitido como instalacións de xestión e tratamento de residuos, pero como viamos antes, a materia prima utilizada en boa parte é *SANDACH*, que conforme Regulamento (CE) nº. 1069/2009 do Parlamento Europeo o define como subproduto e non como residuo, polo que a actividade proposta non é unha instalación de xestión e tratamento de residuos, polo menos nunha gran parte da súa actividade.

Unha vez analizado o encadre urbanístico como uso permitido en virtude da clasificación recollida no PXOM de Teo para a actividade proposta de instalación de xestión de residuos orgánicos non perigosos, a través da integración de diversas tecnoloxías, como son a dixestión anaerobia (biogás), o tratamento e concentración de dixestatos para a produción de fertilizantes, analizaremos de maneira superficial o cumprimento dos parámetros urbanísticos contemplados no artigo 39 da LSG, condicións xerais das edificacións en solo rústico.

Faise unha análise superficial das condicións de edificación, xa que o proxecto presentado non contén a mínima documentación necesaria para poder observar o seu cumprimento, entendendo por proxecto técnico o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van realizar co suficiente contido e detalle para permitirlle á Administración coñecer o obxecto daquelas e decidir se se axustan ou non á normativa urbanística aplicable e ao resto das condicións sinaladas nela. O proxecto debería xustificar tecnicamente as solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable.

O devandito proxecto técnico carece ata dunha memoria urbanística, como documento específico e independente, na cal se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el.

O presente informe técnico está numerado e sinalado en todas as súas páxinas

A memoria do proxecto non desenvolve os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 216 e non se acompaña dos correspondentes planos de situación a escala axeitada, así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa para apoiar o seu contido, sendo os planos presentado esquemas en tamaño A4.

Aínda que este técnico entende que os aspectos recollidos no artigo 39 serán de observancia no momento de solicitude da licenza, considera importante subliñar as deficiencias detectadas coa escasa documentación da que se dispón.

- a) *Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corraxir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.*

Non garante ningún dos servizos, non fai un análise das redes publicas existentes, nin da súa capacidade, nin da súa suficiencia. Limitase a copiar o artigo da Lei na memoria do proxecto.

Respecto das augas residuais, a memoria determina que as augas residuais que se xerarán na actividade procederán unicamente das augas pluviais, as augas de lavado de camións e das augas fecais de carácter doméstico xeradas nas oficinas.

A xeración de augas residuais será, xa que logo, puntual e o seu volume moi reducido. Para estas fontes de augas residuais realizarase unha rede interna de saneamento, que conectará cunha fosa séptica. Non figura ningún dato no proxecto sobre a citada rede nin sobre a fosa séptica.

- b) *Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.*

Non existen no proxecto medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, entendendo por territorio non só o medio físico, senón a vida que se desenvolve sobre el. Non existe ningunha mención aos habitantes do contorno inmediato, nin aos núcleos de poboación

Non figura no proxecto ningunha xustificación tendentes a conseguir a menor ocupación territorial posible, así como a preservación do patrimonio cultural e tipoloxía arquitectónica da zona, obviando elementos protexidos cuxo ámbito de protección abrangue parte da parcela onde se pretende implantar a actividade (Mámoa da Costa,

clave 40039546, código GA15082088).

c) *Cumprir as condicións de edificación previstas no artigo seguinte.*

Cos datos facilitados no denominado proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos situadas en Teo, a este técnico resúltalle imposible determinar se se compren as condicións de edificación do artigo 39 c e d da LSG por carecer da documentación mínima exigible a un proxecto técnico.

CONCLUSIONS

A actividade contida no "proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos situadas en Teo" para a que se solicita informe de compatibilidade urbanística non é unha actividade autorizable en solo rústico de protección ordinaria, clasificación da parcela onde se pretende implantar, conforme ao PXOM de Teo e á lexislación urbanística de aplicación xa que:

- Non pode considerarse unha instalacións de xestión e tratamento de residuos tal e como recolle o apartado m do artigo 35 da LSG en concordancia co artigo 13 do TRLS, xa que non cumpre coa condición de interese social, non contribúe á ordenación e o desenvolvemento rurais, e non ten que emprazarse no medio rural, non podendo ser considerada como unha dotación tal e como se establece nas definicións do Anexo I do RLSG.
- Non é propiamente dita unha instalacións de xestión e tratamento de residuos, xa que transforma materias primas e subprodutos, ademais de residuos, polo que encaixa no uso industrial das definicións do ANEXO I do RLSG.
- Non se trata dunha actividade produtiva ou industrial que teña relación directa coa utilización racional dos recursos naturais de conformidade ao artigo 13 do TRLS.

Tal e como se recolle na exposición de motivos da LSG o solo rústico é merecente de ser salvagardado de usos que non sexan consubstanciais co seu carácter ou que poidan dispoñer doutra localización

O proxecto presentado non garante o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos tal e como se recolle no apartado a do artigo 39 da LSG.

O proxecto presentado non prevé as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, entendido como o soporte físico e a vida que sobre el se desenvolve tal e como se recolle no apartado b do artigo 39 da LSG.

Non figura no proxecto ningunha xustificación tendentes a conseguir a menor ocupación territorial posible tal e como se recolle no apartado b do artigo 39 da LSG.

O presente informe técnico está numerado e asinado en todas as súas páxinas

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



Non figura no proxecto ningunha xustificación tendente a conseguir a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

Cos datos facilitados no denominado proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos situadas en Teo, a este técnico resúltalle imposible determinar se se cumpren as condicións de edificación do artigo 39 c e d da LSG por carecer da documentación mínima exigible a un proxecto técnico.

Por todo isto considero de conformidade co artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de prevención e control integrados da contaminación, que a actividade contida no proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos situadas en Teo, **non é compatible** co PXOM de Teo e a demais normativa urbanística de aplicación.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.

Asemade, as valoracións técnicas contidas neste informe teñen que ponderarse dende os presupostos técnicos constatados nos documentos que se citan como os únicos que constan no expediente que se me amosa para a súa emisión, o que supón que unha alteración ou modificación dos mesmos comportaría a invalidez das apreciacións e valoracións técnicas expresadas neste informe.

Teo, 31 de agosto de 2018

O arquitecto municipal

Ignacio Soto González

Recibido, Teo, 3 de setembro de 2018

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira